

SVV/dc

EXPEDIENTE	2025059573
ASUNTO	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 5/2025 (SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2025)
TRAMITE	PROPOSTA DE TRAMITACIÓN DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO

ANTECEDENTES

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, está a traballar nunha nova liña de subvencións durante o ano 2025, destinada a entidades de iniciativa social, como organizacións e entidades que xestionan centros ou desenvolven actuacións e programas de servizos sociais sen ánimo de lucro.

Segundo o establecido no artigo 3 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais, está o de facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social, e as entidades de iniciativa social constitúen un instrumento necesario para complementar as políticas públicas neste eido.

O obxecto das bases da convocatoria que se pretende desenvolver consiste en axudas dirixidas a entidades sen fin de lucro para a construción, rehabilitación, ampliación, reforma, adquisición e mellora do equipamento dos centros de entidades de iniciativa social no ano 2025.

A tal fin, o crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 25/231.2311.789.00, destinada a investimentos para entidades de iniciativa social, non conta con crédito suficiente para a posta en marcha desta nova iniciativa, polo que resulta precisa a tramitación dun suplemento de crédito.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

De conformidade co artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os suplementos de crédito teñen por obxecto atender gastos específicos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, cando o crédito consignado sexa insuficiente.

O artigo 35 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da Lei reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos, define os suplementos de crédito como aquelas modificacións do orzamento de gastos nos que, concorrendo as mesmas circunstancias que no crédito extraordinario, o crédito previsto resulta insuficiente e non pode ser obxecto de ampliación (Artigo 158.1 LRHL).

Considerando o exposto, PROPONSE

A tramitación da modificación de crédito consistente nun suplemento de crédito na aplicación 231.2311.789.00, toda vez que o crédito actual non é suficiente para



cubrir o importe relativo á convocatoria de bases de subvencións que se pretende desenvolver, por importe de 600.000,00 euros.

MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
Suplemento crédito	231.2311.789 .00	Investimentos entidades iniciativa social	600.000,00

Solicito informe favorable á tramitación da dita proposta.

Asinado dixitalmente á marxe



ASUNTO: INFORME-PROPOSTA DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO. MEDIO AMBIENTE**Expediente nº 2025059573**

Ante a necesidade de financiamento para a concesión dunha subvención nominativa á Asociación de Rubia Galega do País para a celebración da XIV edición da feira de gando, e tendo en conta a importancia do sector gandeiro na provincia de Pontevedra. Considerando que este gasto non se pode demorar ata o exercicio seguinte, e non existindo crédito suficiente no vixente orzamento, informo que é necesario xerar un crédito extraordinario na aplicación orzamentaria que se detalla na seguinte táboa co importe que se sinala:

PARTIDA A INCREMENTAR	DENOMINACIÓN	BENEFICIARIO	NIF	IMPORTE
25/410.4190.489.01	XIV edición da feira de gando	Asociación Galega Rubia do País	G-75325498	3.000€

En consecuencia, propoño a realización da modificación de crédito descrita, e en virtude do disposto no artigo 79 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, e seguindo os criterios establecidos nos artigos 177 e 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, solicítolle que emita informe e se lle dea trámite, no seu caso a esta proposta.

A XEFA DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE

Documento asinado dixitalmente

INTERVENCIÓN

ASUNTO	ORZAMENTO 2025: MODIFICACIÓN DE CRÉDITO
TRÁMITE	Informe- proposta do Museo

A xefatura de xestión do Museo coa conformidade do Vicepresidente, no que a planificación orzamentaria do servizo se refire, de cara a xustificación dos gastos a efectuar que a continuación se relacionan, e que comparten a característica común, de que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e para os que non resulta suficiente o crédito existente nas correspondentes aplicacións orzamentarias, elabora o presente

INFORME

SUPLEMENTACIÓNS DE CRÉDITO

GASTOS DIVERSOS RELATIVOS A MONTAXES DE EXPOSICIÓNS

Derivado dos cambios levados a cabo nas salas de exposicións e zonas comúns do Museo con motivo da Bienal de Pontevedra e tendo en conta que no ano 2025, tras a clausura da Bienal é preciso restablecer espazos, restaurar e elaborar elementos propios dos espazos, traballos de carpinterías, iluminacións entre outros, é preciso incrementar o orzamento nas seguintes dúas aplicacións orzamentarias:

Aplicación orzamentaria	Importe
333.3330.212.00 _Reparacións de edificios	150.000,00€

Aplicación orzamentaria	Importe
333.3330.623.02 _Instalacións técnicas Museo	90.000,00€

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Real Decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial

En base o exposto, e visto que os gastos a efectuar, non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e para cales non resulta suficiente o crédito existente, o Museo de Pontevedra, co conforme do Vicepresidente e deputado delegado, INFORMA favorablemente a tramitación do expediente para a habilitación de crédito nas seguintes aplicacións orzamentarias, conforme o seguinte:



Firmado por: RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME - ***2684**
Cargo: Vicepresidente primeiro
Data: 15/09/2025 17:47

CONCPETO	APLICACIÓN	IMPORTE ESTIMADO POR APLICACIÓN
Gastos diversos nas edificacións relativos a montaxes e acondicionamento de espazos do Museo	333.3330.212.00	150.000,00€
	333.3330.623.02	90.000,00€
TOTAL CAPÍTULO II		240.000,00€

En Pontevedra, na data da sinatura dixital

Firmado por: MARIA CRUZ FARTO JUSTO - ***8016**
Cargo: Xefa de xestión do Museo
Data: 15/09/2025 14:19



MCC/naa

ASUNTO: INFORME-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO PARA O PROXECTO ERASMUS+ 2024 PRESENTADO NA CONVOCATORIA DE PROPOSTAS 2025 DO PROGRAMA ERASMUS+ DENTRO DA ACCIÓN CLAVE 1 (KA1)

Manuel Corujo Castro, Xefe do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local, INFORMA:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 29 de agosto de 2025, adoptou, entre outros, o acordo (nº 8.35572) de aprobación e xeración de crédito do proxecto presentado pola Deputación de Pontevedra na convocatoria de propostas 2025 do programa Erasmus+ (expte. 2024080811). Na citada sesión acórdase:

“(…)

1. *Aprobar o proxecto Erasmus+ 2025 presentado na Convocatoria de Propostas 2025 do programa Erasmus+ dentro da Acción Clave 1 (KA1) “Movilidade das persoas por motivo de aprendizaxe”, financiado polo Servizo Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) e que posúe as características establecidas no presente informe, xunto coas condicións, prazos de execución e todas as obrigas inherentes ao mesmo de acordo cos criterios esixidos pola convocatoria 2025 do programa Erasmus+.*
2. *Aprobar de forma taxativa a distribución do gasto cos importes que correspondan a esta Deputación Provincial dentro do total do proxecto, quedando o financiamento propio condicionado á aprobación polo Pleno da correspondente modificación de crédito.*
3. *Aprobar que a súa xestión se realice a través do módulo “proxecto de gasto” tal e como establece a Base 27ª das de execución do orzamento provincial para o exercicio 2025, garantindo a existencia dunha contabilidade separada.*
4. *Aprobar a xeración de crédito polos importes da subvención, abrindo as aplicacións e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto”.*
5. *Facultar ao presidente como representante legal da Deputación de Pontevedra para formalizar mediante a súa sinatura o devandito convenio entre esta institución e o SEPIE.*

(…)”

Trátase dun proxecto plurianual (2025-2027) financiado con fondos do SEPIE e fondos propios. Para a anualidade 2025, atendendo ao artigo 181 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberanse realizar as operacións de xeración de crédito para este exercicio polo importe da subvención concedida polo SEPIE. E, por parte do financiamento propio, deberanse realizar as correspondentes operacións de modificación de crédito. Todo iso, co fin de que a Deputación de Pontevedra se comprometa ao financiamento do importe que figura na resolución de concesión así como das necesidades de xestión do dito proxecto, dando conta dos tipos de gastos que se inclúen no proxecto así como dos importes atendendo á apertura das correspondentes



aplicacións orzamentarias, sinalando no cadro unha proposta do servizo a considerar pola Intervención, quen mellor proverá.

PROXECTO ERASMUS+ 2025				
(Porcentaxe)	80%	10%	10%	100%
ANUALIDADE	2025	2026	2027	TOTAL
ACHEGA SEPIE	582.548,80 €	72.818,60 €	72.818,60 €	728.186,00 €
FONDOS PROPIOS DEPUTACIÓN	160.000,00 €	20.000,00 €	20.000,00 €	200.000,00 €
TOTAL	742.548,80 €	92.818,60 €	92.818,60 €	928.186,00 €

O reparto por aplicacións orzamentarias sería o seguinte:

PROXECTO ERASMUS+ 2025			
CONCEPTO	SEPIE	DEPUTACIÓN	TOTAL
BOLSAS	728.186,00 €		728.186,00 €
SEGUROS		31.800,00 €	31.800,00 €
CONTRATAciónS		50.000,00 €	50.000,00 €
APOIO LINGÜÍSTICO		1.000,00 €	1.000,00 €
MANUAIS, FOLLETOS		1.000,00 €	1.000,00 €
DIFUSIÓN		2.000,00 €	2.000,00 €
PERSOAL		114.200,00 €	114.200,00 €
TOTAL	728.186,00 €	200.000,00 €	928.186,00 €

O reparto por tipo de financiamento distribuirase en función do seguinte cadro:

APLICACIÓN	DESCRICIÓN	IMPORTE
240.2419.120.51	Soldo func. interinos sen praza (Erasmus+ 2025)	37.400,00 €
240.2419.120.52	Trienios func. interinos sen praza (Erasmus+ 2025)	2.400,00 €
240.2419.120.53	Paga extra func. interinos sen praza (Erasmus+ 2025)	7.900,00 €
240.2419.120.90	O. Retribucións, Melloras, I.T. (Erasmus+ 2025)	800,00 €
240.2419.121.51	C. Destino Func. Interinos sen praza (Erasmus+ 2025)	24.500,00 €
240.2419.121.52	C. Específico Func. Interinos sen praza (Erasmus+ 2025)	24.500,00 €
240.2419.160.00	Seguridade Social (Erasmus+ 2025)	12.700,00 €
240.2419.224.03	Primas de seguros (Erasmus+ 2025)	31.800,00 €
240.2419.226.02	Publicidade e propaganda (Erasmus+ 2025)	2.000,00 €
240.2419.226.99	Outros gastos diversos (Erasmus+ 2025)	2.000,00 €
240.2419.227.06	Estudios e traballos técnicos (Erasmus+ 2025)	50.000,00 €
240.2419.230.20	Axudas de custo (Erasmus+ 2025)	1.000,00 €
240.2419.231.20	Locomoción (Erasmus+ 2025)	3.000,00 €
240.2419.481.01	Axudas, becas e pensións alumnos e profesorado (Erasmus+ 2025)	728.186,00 €
		928.186,00 €

En consecuencia, ante a necesidade de financiamento para a realización do proxecto Erasmus+ 2025 presentado á convocatoria de propostas 2025 (EAC/A08/2024) do Programa Erasmus+, publicada no Diario Oficial da Unión Europea C/2024/6983, do 19 de novembro de 2024 e, non existindo crédito suficiente no vixente orzamento, resulta necesario tramitar un expediente de modificación de crédito.



Para os exercicios 2026 e 2027 deberanse incluír nos orzamentos provinciais os importes que correspondan, tanto nas aplicacións orzamentarias de gastos como nos conceptos de ingresos, que recollan, respectivamente os créditos e o cofinanciamento, dentro do proxecto de gastos específico. Non obstante o anterior, o proxecto é susceptible de ampliación ata o ano 2027.

Por todo o anterior, e en virtude do disposto no artigo 79 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común e, seguindo os criterios establecidos nos artigos 177 e 214 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e coa finalidade de facer fronte ao citado gasto, propónse a tramitación do seguinte expediente de modificación de crédito:

• **Erasmus + 2025 (Proxecto de gasto– Erasmus + 2025)**

APLICACIÓN	DESCRICIÓN	IMPORTE
240.2419.120.51	Soldo func. interinos sen praza (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	29.920,00 €
240.2419.120.52	Trienios func. interinos sen praza (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	1.920,00 €
240.2419.120.53	Paga extra func. interinos sen praza (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	6.320,00 €
240.2419.120.90	O. Retribucións, Melloras, I.T., (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	640,00 €
240.2419.121.51	C. Destino Func. Interinos sen praza, (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	19.600,00 €
240.2419.121.52	C. Específico Func. Interinos sen praza, (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	19.600,00 €
240.2419.160.00	Seguridade Social, (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	10.160,00 €
240.2419.224.03	Primas de seguros, (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	25.440,00 €
240.2419.226.02	Publicidade e propaganda, (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	1.600,00 €
240.2419.226.99	Outros gastos diversos, (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	1.600,00 €
240.2419.227.06	Estudios e traballos técnicos, (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	40.000,00 €
240.2419.230.20	Axudas de custo, (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	800,00 €
240.2419.231.20	Locomoción, (2500004. PROXECTO ERASMUS+ 2025)_ P. EMPREGO	2.400,00 €
TOTAL		160.000,00 €

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

INTERVENCIÓN (ORZAMENTOS, PLANS E URBANISMO).-



GR/rs

EXPEDIENTE	2025059573
ASUNTO	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 5/2025 (SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2025)
TRAMITE	PROPOSTA DE TRAMITACIÓN DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO

De conformidade co establecido no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 35 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, co fin de poder afrontar os gastos derivados da realización de 14 sondaxes arqueolóxicas no recinto de Monterreal, Baiona, que permitan documentar a existencia neste espazo de estruturas da Idade do Ferro ou da época romana, no seu caso, propónse realizar un suplemento de crédito mediante baixa por anulación entre aplicacións dos centros xestores de Turismo e Asistencia Intermunicipal polos importes que se detallan a continuación:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
25/433.3361.227.06	ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS (XACEMENTOS)	57.969,72
	Total.....	57.969,72 €

BAIXA POR ANULACIÓN

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
25/923.9225.462.11	A CONCELLOS, SONDAXES ARQUEOLÓXICAS	57.969,72
	Total.....	57.969,72 €

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica
O Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal
P.A. Rocío de Sinde Penas (Técnica de xestión do SAIM)

INTERVENCIÓN



EXPEDIENTE:	2025059573
ASUNTO:	M. CRÉDITOS 05/2025,
TRÁMITE:	Amortización extraordinaria préstamos: BBVA 2021, e B. SABADELL 2021

INFORME PROSTA:

Con data do 30 de decembro de 2024 dispúxose das operacións de préstamos concertadas en 2021, para financiar os investimentos correspondentes o programa REACPON, reflectindo a 31 de decembro de 2025 o importe de capital vivo pendente de amortizar seguinte:

PRÉSTAMO BBVA (ERIBOR 3M+0,49%):

FECHA	%TIPO INTERÉS	DÍAS	INTERESES TRIMESTRE	CUOTA DE AMORTIZACIÓN	AMORTIZACIÓN ACUMULADA	CAPITAL VIVO
31-12-21						0,00 €
31-03-22	0,000	90	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
30-06-22	0,000	91	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
30-09-22	0,000	92	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
31-12-22	0,000	92	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
31-03-23	0,000	90	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
30-06-23	0,000	91	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
30-09-23	0,000	92	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
31-12-23	0,000	92	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
31-03-24	0,000	91	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
30-06-24	0,000	91	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
30-12-24	0,000	183	0,00 €	0,00 €	0,00 €	16.616.415,00 €
31-12-24	3,962	1	1.828,73 €	0,00 €	0,00 €	16.616.415,00 €
31-03-25	3,353	90	139.287,10 €	415.410,38 €	415.410,38 €	16.201.004,63 €
30-06-25	2,946	91	120.646,18 €	415.410,38 €	830.820,75 €	15.785.594,25 €
30-09-25	2,491	92	100.489,34 €	415.410,38 €	1.246.231,13 €	15.370.183,88 €
31-12-25	3,690	92	144.940,83 €	415.410,38 €	1.661.641,50 €	14.954.773,50 €



PRÉSTAMO BANCO SABADELL (TIPO FIXO: 0,770%):

FECHA	%TIPO INTERÉS	DÍAS	INTERESES TRIMESTRE	CUOTA DE AMORTIZACIÓN	AMORTIZACIÓN ACUMULADA	CAPITAL VIVO
31-12-21						0,00 €
31-03-22	0,000	90	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
30-06-22	0,000	91	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
30-09-22	0,000	92	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
31-12-22	0,000	92	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
31-03-23	0,000	90	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
30-06-23	0,000	91	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
30-09-23	0,000	92	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
31-12-23	0,000	92	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
31-03-24	0,000	91	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
30-06-24	0,000	91	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
30-12-24	0,000	183	0,00 €	0,00 €	0,00 €	5.000.000,00 €
31-12-24	0,770	1	105,19 €	0,00 €	0,00 €	5.000.000,00 €
31-03-25	0,770	90	9.493,15 €	125.000,00 €	125.000,00 €	4.875.000,00 €
30-06-25	0,770	91	9.358,66 €	125.000,00 €	250.000,00 €	4.750.000,00 €
30-09-25	0,770	92	9.218,90 €	125.000,00 €	375.000,00 €	4.625.000,00 €
31-12-25	0,770	92	8.976,30 €	125.000,00 €	500.000,00 €	4.500.000,00 €

Na liquidación dos Orzamentos Xerais a 31 de decembro de 2024, o resultado da avaliación do Obxectivo de "Estabilidade Orzamentaria a nivel de "Orzamentos Consolidados" reflicte un "superávit non financeiro = + 48.812.923,20€ ", e de acordo co artigo 32.1 da Lei Orgánica 02/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOESF), o "Superávit destinarase a reducir o nivel do endebedamento neto ".

Por outra banda a Disposición adicional sexta da (LOESF), "Regras especiais para o destino do superávit orzamentario", no foi prorrogada para o exercicio 2025, non existindo a posibilidade de destinar dito superávit a "investimentos sostibles".

De acordo co anterior precede amortizar a débeda financeira viva pendente a 31/12/2025 polas cantidades seguintes:

PRÉSTAMO BBVA (2021): 14.954.773,50 €

PRÉSTAMO BANCO SABADELL (2021): 4.500.000,00€

TOTAL AMORTIZACIÓN EXTRAORDINARIA: 19.454.773,50 €



En virtude do previsto nos artigos 179 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como do artigo correspondente das Bases de Execución do Orzamento da Deputación, propónse a realización dunha modificación orzamentaria.

PROPONSE:

Suplementar crédito na aplicación 25/ 931-0110-913,00 con destino a amortización extraordinaria da débeda viva pendente a 31 de decembro de 2025 co seguinte detalle:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
25/931-0110-913,00	AMORTIZACIÓN PRÉSTAMOS, FORA DO SECTOR PÚBLICO_INTERVENCIÓN (Amortización Extraordinaria Débeda "BBVA: 14.954.773,50€"; "B. Sabadell: 4.500.000,00€")	19.454.773,50 €

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe.



MAG/plc

ASUNTO: INFORME PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2025 DO SERVIZO DE COOPERACIÓN (Expte. M.C. 05/2025 núm. 2025059573)

Para facer fronte as necesidades de financiamento de actuacións do Servizo de Cooperación, propónse realizar as seguintes modificacións de crédito:

1.-DOTACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA FINANCIAR O PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA 2025 (PLAN EXTRA 2025) CON CARGO Á APLICACIÓN 25/942-9420-762.85 A CONCELLOS, PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA, PLAN EXTRA 2025 COOPERACIÓN

A Deputación de Pontevedra diseña unha ferramenta de apoio adicional a outros plans de cooperación xa existentes, co obxectivo de que os municipios dispoñan dun mecanismo de axuda innovador adaptado ás necesidades de cada un, coa capacidade financeira suficiente e dotado da maior flexibilidade para permitirlles afrontar os retos que a cidadanía demanda nos seus respectivos territorios locais e, polo tanto, contribuír á potenciación do territorio provincial no seu conxunto, para construír unha provincia máis forte e moderna, unha provincia onde vivir mellor e, en definitiva, con máis servizos e de máis calidade.

En concreto, serán actuacións subvencionables no marco deste segundo Plan Provincia Extraordinaria (Plan Extra), sempre que se trate de actuacións que, de forma real e efectiva, sexan de competencia municipal, os seguintes tipos de investimentos:

INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES	
Actuacións elixibles	Detalle
Novas infraestruturas públicas	Construción de edificacións, inmobles ou equivalentes
	Novos equipamentos, dotacións, instalacións ou análogos
Infraestruturas públicas existentes	Rehabilitación
	Mellora
	Modernización
	Reforma
Intervencións en espazos públicos urbanos ou naturais	Humanización
	Urbanización
	Reurbanización
	Recuperación
	Mellora



Elementos necesarios para a recollida separada de bioresiduos de orixe doméstica (5º contedor)	Compra de vehículos
	Compra de contedores (sempre que estean contemplados nun Plan estratéxico e/ou municipal de xestión de residuos)
	Outros elementos necesarios para o cumprimento das obrigas establecidas no artigo 25.2 b) da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular

O financiamento deste plan ascende a un total de **trinta e cinco millóns (35.000.000,00 €) de euros**, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2025, que se deberán imputar contra a aplicación orzamentaria **25/942-9420-762.85 A CONCELLOS, PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA, PLAN EXTRA 2025_COOPERACIÓN**.

Visto que non existe crédito previsto inicialmente para este plan, e considerándose necesario e conveniente acudir a un crédito extraordinario para permitir que as circunstancias que dan orixe ao mesmo poidan ter unha resposta adecuada e de maneira cohesionada en todo o territorio provincial.

Visto que o artigo 177 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sinala que cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e non exista crédito no orzamento da corporación, o presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario.

Polo antedito, solicítolle a tramitación dun expediente de modificación de crédito para que se dote con **trinta e cinco millóns (35.000.000,00 €) de euros** a aplicación orzamentaria **25/942-9420-762.85 A CONCELLOS, PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA, PLAN EXTRA 2025_COOPERACIÓN**, para o financiamento do Plan Provincial de Investimentos Estratéxicos Municipais para a Modernización, Transformación e Desenvolvemento dos Concellos da Provincia de Pontevedra.

2.-DOTACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA FINANCIAR O III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS CON CARGO Á APLICACIÓN 25/942.3420.762.95 A CONCELLOS, PLAN DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS 2025, "PEID III" COOPERACIÓN

A Deputación de Pontevedra, para facer fronte a novas liñas de investimento e actuacións, formula a necesidade de crear unha nova convocatoria de axudas para instalacións deportivas destinada aos concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes.

O obxectivo deste terceiro plan é continuar mellorando as dotacións deportivas dos concellos permitindo a estes dispoñer de financiamento para a mellora de instalacións e espazos deportivos de titularidade municipal.

O financiamento deste plan ascende a un total de **oito millóns (8.000.000,00 €) de euros**, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2025, que se deberán



imputar contra a aplicación orzamentaria **25/942-3420-762.95 A CONCELLOS, PLAN DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS 2025, "PEID III" _COOPERACIÓN.**

Visto que non existe crédito previsto inicialmente para este plan, e considerándose necesario e conveniente acudir a un crédito extraordinario para permitir que as especiais circunstancias que dan orixe a este plan poida ter unha resposta adecuada e de maneira cohesionada en todo o territorio provincial.

Visto o artigo 177 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sinala que cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e non exista crédito no orzamento da corporación, o presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario.

Polo antedito, solicítase a tramitación dun expediente de modificación de crédito para que se dote con **oito millóns (8.000.000,00 €) de euros** a aplicación orzamentaria **25/942-3420-762.95 A CONCELLOS, PLAN DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS 2025, "PEID III" _COOPERACIÓN.**

3.- SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA INCREMENTAR A DOTACIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA A LEGALIZACIÓN DAS TRAÍDAS DE AUGAS VECIÑAIS (PROGRAMA +NOVAQUA 2025) CON CARGO Á APLICACIÓN 25/942-4590-489.07 A COMUNIDADES VECIÑALES, G. CORRENTE (NOVAQUA) COOPERACIÓN

O programa +NOVAQUA 2025 ten unha dotación orzamentaria de trescentos mil (300.000,00 €) euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2025, imputables contra a aplicación orzamentaria 2025/942-4590-489.07, para gastos correntes.

Unha vez finalizado o proceso de instrución das solicitudes, resultaron un total de 69 solicitudes que cumpren os requisitos para obter a subvención, cun orzamento total de 339.437,08 €. Así, en base á puntuación obtida e o orzamento dispoñible, propónse a concesión da subvención a un total de 61 solicitudes, por un importe total de 297.539,16 €, quedando 8 solicitudes, por un importe de 41.897,92€, en lista de agarda por non existir crédito suficiente.

Polo tanto, tendo en conta que na aplicación existen 2.460,84 € de sobranse, o importe necesario para conceder o 100% das subvencións solicitadas que cumpren os requisitos de subvencionabilidade, ascende a un importe total de 39.437,08 €.

Por conseguinte, incrementando a dotación do programa en 40.000,00 euros, ata os 340.000,00 euros, o cen por cen das solicitudes que cumpren os requisitos de subvencionalidade poderían obter a subvención solicitada.

Visto o artigo 177 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que sinala que cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e non exista crédito suficiente no orzamento da Corporación, o presidente da mesma ordenará a incoación do expediente de suplemento de crédito.

Polo antedito, solicítase a tramitación dun expediente de modificación de crédito para suplementar con **40.000,00 €** a aplicación orzamentaria **25/942-4590-489.07 A COMUNIDADES VECIÑALES, G. CORRENTE (NOVAQUA) _COOPERACIÓN.**



CONCLUSIÓN

Visto o interese que supoñen as devanditas actuacións, das que se beneficiarán os concellos destinatarios da provincia de Pontevedra así como as comunidades veciñais, considérase que se cumpre a finalidade fundamental da Deputación respecto do aseguramento da prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal. En consecuencia, compre que se fagan os trámites oportunos para dotar do crédito necesario as aplicacións orzamentarias correspondentes para facer fronte ás necesidades de financiamento expostas.

Aplicación	Denominación	Importe
25/942-9420-762.85	A CONCELLOS, PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA, PLAN EXTRA 2025_COOPERACIÓN	35.000.000,00 €
25/942-3420-762.95	A CONCELLOS, PLAN DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS 2025, "PEID III"_COOPERACIÓN	8.000.000,00€
25/942-4590-489.07	A COMUNIDADES VECIÑALES, G. CORRENTE (NOVAQUA)_COOPERACIÓN	40.000,00 €

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O xefe do Servizo de Cooperación, Marcos Areán González

Conforme, a deputada delegada da Área de Cooperación Local, María Pilar Ramallo Vázquez

INTERVENCIÓN



ASUNTO: PROPOSTA DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN, FACENDA E PATRIMONIO PARA TRAMITACIÓN DUN CRÉDITO EXTRAORDINARIO POR IMPORTE DE 81.005,62 EUROS PARA MELLORAS NO INMOBLE COÑECIDO COMO TEATRO CINE FRAGA.

O Pleno da Deputación de Pontevedra na sesión que tivo lugar o día 27 de setembro de 2024 acordou a “Adquisición directa e onerosa, pola Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra, dun inmoble no concello de Vigo coñecido como Teatro Cine Fraga” e asinándose o documento administrativo entre o Presidente da Xunta, Presidente da Deputación e o Conselleiro delegado do Consello de Administración de Abanca Corporación Bancaria, S.A. o 19 de xullo de 2024.

Desde a adopción do acordo de adquisición, tanto a Deputación de Pontevedra como a Xunta de Galicia teñen traballado de maneira coordinada na elaboración do plan de usos do Teatro Cine Fraga, e unha vez concluído o proceso e tras a colaboración entre ambas administracións, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude remitiu o informe que recolle as liñas estratéxicas e o plan de usos do Teatro Cine Fraga.

As liñas estratéxicas do plan de usos para o Teatro Cine Fraga teñen como obxectivo convertelo nun espazo flexible, diverso e de referencia en cultura, tanto a nivel local como rexional e internacional buscando que o proxecto se consolide como un polo dinamizador da cultura na Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal, reforzando a identidade cultural de Vigo. A proposta mantén o uso principal do espazo como teatro, sala de cine e lugar para a realización de concertos de música e inclúe unha compoñente de creación para o que se persigue a optimización total do espazo, permitindo o seu uso non só nos momentos de realización de espectáculos, senón tamén abrindo o espazo á cidadanía diariamente.

A Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 7 de marzo de 2025 prestou a súa conformidade ao citado documento das liñas estratéxicas e o Plan de usos para o Teatro Cine Fraga de Vigo, motivo polo que por indicación da Presidencia faise necesario que no próximo expediente de modificación de créditos que se tramite se habite crédito para efectuar melloras no edificio coñecido como “Cine Fraga”.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Real Decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial



En base o exposto, e visto que os gastos a efectuar, non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e para cales non existe crédito, desde o Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, co conforme do deputado delegado da área de xestión do patrimonio provincial, informse favorablemente a tramitación dun expediente de “*crédito extraordinario*” conforme o seguinte detalle:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN	IMPORTE
EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓNS, MELLORAS PATRIMONIO-CONTRATACIÓN (Convenio Xunta, melloras Cine Fraga)	922.3340.632.01	81.005,62 €

En Pontevedra, na data da sinatura dixital.



EXPEDIENTE	2025059573
ASUNTO	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 5/2025 (SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2025)
TRAMITE	PROPOSTA DE TRAMITACIÓN DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO

De conformidade co establecido no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 35 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, co fin de poder afrontar os gastos derivados da construción dunha nova nave de lactantes na granxa da finca de Mouriscade debido ó estado de deterioro da existente, propónse realizar un suplemento de crédito mediante baixa por anulación entre aplicacións do centro xestor Medio Ambiente polos importes que se detallan a continuación:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
25/410.4120.622.03	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓNS (NAVE DE LACTANTES)	114.400€

BAIXA POR ANULACIÓN

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
25/410.4190.632.01/2023	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓNS, MELLORAS (EDIFICIO APEROS)	114.400€

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica
A xefa do Servizo de Medio Ambiente

INTERVENCIÓN

